



PXXX
Premio
Nacional
de poesía
Xosémaría
Pérez
Paralé

CONVOCA
Círculo Mercantil e Industrial-Unidad
Fene



COLABORAN
Concello de Fene
Edicións Espiral Maior

ILUSTRACIÓN
Siro

Fene
2007



ba Ses

- 1) O premio convócase co obxectivo de colabourar na promoción de novas voces, polo que é requisito para participar **non ter publicado ningún libro individual de poesía**. Porén, admítranse traballos presentados por persoas que publicasen previamente algún libro en edición de autor.
- 2) O xurado estará composto por tres persoas de recoñecida traxectoria no ámbito da escrita literaria, da edición ou da crítica. A súa composición farase pública con posterioridade ao peche do prazo de entrega de orixinais e antes da emisión do fallo.
- 3) Os autores participantes presentarán **un libro de poesía en lingua galega**. É responsabilidade do xurado do premio determinar se algún dos traballos presentados posúe ou non as características para ser considerado "libro". Porén, recoméndase que teñan unha extensión mínima de 300 versos.
- 4) Os textos serán presentados **por triplicado**, debidamente encadernados ou gramposados, **identificados inequivocamente con pseudónimo ou lema** e acompañados dun sobre. Na parte externa deste sobre farase constar o pseudónimo, lema ou título da obra e no interior incluírase a seguinte información: nome completo do autor, DNI ou pasaporte, enderezo e un teléfono e enderezo electrónico de contacto. No caso do participante ter publicado un libro individual en edición de autor, deixará constancia do título da obra, ano de publicación e, no caso de telo, ISBN.
- 5) O prazo de presentación de orixinais remata o **1 de outubro de 2007**.
- 6) Os traballos deben enviarse ao enderezo do Círculo Mercantil e Industrial-Unidad de Fene:

C.M.I. Unidad
Porto do Río, 21
San Pato-Fene
(A Coruña)

- 7) O xurado escollerá de entre os traballos presentados un único título. Asemade, poderá deixar constancia na

acta de cantos outros títulos considere merecedores de ser publicados, non significando isto ningún compromiso por parte da entidade convocante nin dos patrocinantes nin do editor. Non se fará referencia na acta ao nome dos autores dos libros mencionados.

- 8) Os autores poderán recoller os traballos non premiados na sede do Círculo Mercantil e Industrial-Unidad de Fene ata 60 días despois de emitido o fallo.

- 9) O gañador ou gañadora comprométese a estar presente na entrega do premio, que terá lugar o sábado 24 de novembro nas instalacións da entidade convocante en Fene.

- 10) O premio consistirá na **edición do libro na Colección de Poesía Espiral Maior** no máis breve prazo posibel. A primeira edición constará de 800 exemplares.

- 11) Os dereitos de autor desta primeira edición quedarán en poder da entidade convocante. Como compensación para o autor, entregaránselle 25 exemplares da obra. Unha vez esgotada a primeira edición, a entidade convocante, os patrocinantes e o editor dispoñerán do prazo dun ano para reeditar o libro, debendo negociar previamente co autor a compensación económica desta e sucesivas edicións. Transcorrido este prazo, o autor poderá dispoñer libremente da obra coa única condición de que deberá deixar constancia do galardón en sucesivas edicións do libro.

- 12) Calquera detalle non previsto polas presentes bases deberá ser resolto polo xurado. A interpretación das bases será, asemade, atribución do xurado, nomeadamente no relativo aos puntos 1 e 3.

- 13) Unha vez feito público o fallo nos medios de prensa (e agás no caso de indicación en contrario por parte dos autores no exterior do sobre), a entidade convocante poderá abrir as plicas dos traballos non premiados coa única finalidade de facer chegar aos autores participantes as bases de seguintes convocatorias do premio. Os autores poderán modificar ou eliminar estes datos dos arquivos da entidade convocante segundo se detalla na lei.

